



## Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356 ; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. (24 horas) e fax 981 35 28 20 mobil 616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghnferrol@terra.es](mailto:sghnferrol@terra.es)

Saída

Número:

Data:

#### ASUNTO:

Alegacións á solicitude de autorización ambiental integrada para a instalación de fabricación de formol, colas e resinas; xestión de residuos de Marpol; coxeneración e recepción, almacenamento e distribución de hidrocarburos, no concello de Mugaros (A Coruña), promovida por Forestal del Atlántico, S.A.

Clave 2006/0349\_NAA/IPPC

Juan Ignacio Díaz da Silva, con documento de identidade nº 32.647.926-R, Delegado da Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol, con enderezo, para os efectos de notificación, no Apartado de Correos nº 356 de Ferrol, CP 15480, actuando en representación da citada asociación, comparece, e como mellor proceda en dereito,

#### EXPÓN:

1. Que por medio do presente escrito a SGHN - Ferrol formula alegacións á solicitude de autorización ambiental integrada para a instalación de fabricación de formol, colas e resinas; xestión de residuos de Marpol; coxeneración e recepción, almacenamento e distribución de hidrocarburos, no concello de Mugaros (A Coruña), promovida por Forestal del Atlántico, S.A. Clave 2006/0349\_NAA/IPPC, co obxecto de que se modifique nos seus actuais termos para axustala segundo criterios de maior respecto cara o medio ambiente.

#### 2. Alegacións en relación coa Avaliación Ambiental.

2.1. No Anexo IV do Proxecto (Condicións da Declaración de Impacto Ambiental) apúntase que as actividades de Forestal do Atlántico S.A. non están sometidas a trámite de Avaliación Ambiental, mencionando ao respecto a Lei 6/2001, de 8 de maio. Sen embargo, no Artigo 3.1. do R.D. 1/2008 advírtese que están sometidas a ese trámite as actividades incluídas no Anexo I:

*“Grupo 3. Industria energética.*

*h. Instalaciones para el almacenamiento de productos petrolíferos mayores de 100.000 toneladas.*

*Grupo 5. Industria química, petroquímica, textil y papelera.*

*a. Instalaciones químicas integradas, es decir, instalaciones para la fabricación a escala industrial de sustancias mediante transformación química, en las que se encuentran yuxtapuestas varias unidades vinculadas funcionalmente entre sí, y que se utilizan para:*

*1. La producción de productos químicos orgánicos básicos.*

*2. La producción de productos químicos inorgánicos básicos.”*

Polo tanto, o primeiro trámite que debe seguir a empresa promotora será a solicitude de Avaliación de Impacto Ambiental, nos termos indicados nos Artigos 5.1 e 5.2. do R.D. 1/2008:

*“Artículo 5. Evaluación de impacto ambiental de proyectos.*

*1. La evaluación de impacto ambiental de proyectos comprenderá las siguientes actuaciones:*

*a) Solicitud de sometimiento del proyecto a evaluación de impacto ambiental por el promotor, acompañada del documento inicial del proyecto.*

*b) Determinación de alcance del estudio de impacto ambiental por el órgano ambiental, previa consulta a las administraciones públicas afectadas y, en su caso, a las personas interesadas.*

*c) Elaboración del estudio de impacto ambiental por el promotor del proyecto.*

*d) Evacuación del trámite de información pública y de consultas a las Administraciones públicas afectadas y a personas interesadas, por el órgano sustantivo.*

*2. La evaluación de impacto ambiental de proyectos finalizará con la emisión de la declaración de impacto ambiental por el órgano ambiental, la cual se hará pública.”*

Posteriormente, o órgano sustantivo someterá o Estudo de Impacto Ambiental ao trámite de información pública, segundo o Artigo 9.1. do R.D. citado.

**3.** Dado que as actividades da empresa promotora poden afectar espazos da Rede Natura 2000 (L.I.C. “Costa Ártabra”), e con maior razón, debido a que este espazo natural xa está gravemente afectado polo desenvolvemento das actividades industriais implantadas na Ría de Ferrol e as infraestruturas aparelladas, deberá adaptar o proxecto aos requerimentos da Disposición Adicional 4ª do R.D. 1/2008:

*“Disposición adicional cuarta. Evaluación ambiental de los proyectos estatales que puedan afectar a espacios de la Red Natura 2000.*

*1. La evaluación de los proyectos que, sin tener relación directa con la gestión del lugar de que se trate de la Red Natura 2000 o sin ser necesario para la misma, pueda afectar de forma apreciable*

*a los citados lugares ya sea individualmente o en combinación con otros planes o proyectos, se someterá a una adecuada evaluación de sus repercusiones en el lugar teniendo en cuenta los objetivos de conservación de dicho lugar, conforme a lo dispuesto en la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, de patrimonio natural y de la biodiversidad, sin perjuicio de lo establecido en la presente ley.”*

Na Ría de Ferrol desenvólvense actividades do sector primario (pesca, marisqueo) que veñen sufrindo unha serie de prexuízos por causas de diversa índole. Esta situación obriga ás administracións a replantexar o desenvolvemento do sector industrial no contorno da Ría, desprazando deste espazo singular todas aquelas empresas produtoras de emisións contaminantes que poidan ser ubicadas noutros emprazamentos, xa que incluso coas MTDs empregadas, sempre hai un índice mínimo inevitábel de emisións por tonelada de produción.

#### **4. Alegacións en relación coa autorización integrada**

**4.1.** Da documentación presentada no proxecto extráese a conclusión de que a empresa Forestal do Atlántico S.A. estivo funcionando ata o momento sen as autorizacións requeridas pola lexislación vixente.

Esta condición de irregularidade suporía unha infracción. A administración competente debería de avaliar, neste caso, a gravidade de tal infracción.

No caso de non ter a autorización integrada antes do 30 de outubro de 2007, debería tela solicitado nesta data, segundo a Disposición Transitoria 1ª da Lei 16/2002: *“Los titulares de las instalaciones existentes, definidas en el art. 3.d) de esta Ley, deberán adaptarse a la misma antes del 30 de octubre de 2007, fecha en la que deberán contar con la pertinente autorización ambiental integrada.*

*A estos efectos, si la solicitud de la autorización ambiental integrada se presentara antes del día 1 de enero de 2007 y el órgano competente para otorgarla no hubiera dictado resolución expresa sobre la misma con anterioridad a la fecha señalada en el párrafo anterior, las instalaciones existentes podrán continuar en funcionamiento de forma provisional hasta que se dicte dicha resolución, siempre que cumplan todos los requisitos de carácter ambiental exigidos por la normativa sectorial aplicable.(...)”*

**4.2.** Falta o certificado do organismo de control autorizado onde se acredita a conformidade das instalacións para o almacenamento de produtos químicos, cos preceptos de instrución básica regulamentaria, atendendo ao Artigo 4 do Real Decreto 379/2001.

**4.3.** Na solicitude faise referencia á procedencia das materias primas, pero non a se cumpren coa normativa explicitada no Artigo 10.2. do Real Decreto 375/2001: *“Se aceptarán los productos legalmente fabricados o comercializados en otros Estados miembros de la UE o por los países miembros de la AELC (Asociación de Estados de Libre Comercio), firmantes del acuerdo sobre el Espacio Económico Europeo, cuando sean conformes a normas, reglamentos técnicos o procedimientos de fabricación que garanticen niveles de seguridad equivalentes a los que se exigen en la reglamentación española.”*

## **5. Alegacións en relación co Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas (RAMINP).**

Para a instalación desta industria non se respectan as distancias legais impostas polo Artigo 4 do Decreto 2414/1961: *“(…) En todo caso, las industrias fabriles que deban ser consideradas como peligrosas o insalubres sólo podrán emplazarse, como regla general, a una distancia de 2.000 metros, a contar del núcleo más próximo de población agrupada.”*

A Lei 34/2007 derroga o RAMINP, salvo para aquelas comunidades autónomas que non teñan normativa aprobada na materia, como ocorre coa Comunidade Autónoma Galega.

## **6. Alegacións en relación á calidade do aire e máis do control da contaminación atmosférica.**

**6.1.** Non se especifican as substancias contaminantes producidas en cada un dos focos de emisión e, por tanto, non hai análise da contaminación causada polas materias primas e o tipo de combustíbel utilizados en cada unha das plantas de produción.

Tampouco se describen pormenorizadamente as técnicas empregadas para evitar e controlar a contaminación e só se indican, en termos xerais, as medidas que habería que observar. Non se describen as técnicas de medición utilizadas, contradicindo o Artigo 20.2 da Lei 8/2002: *“Especificaranse regulamentariamente, para cada tipo de actividade industrial, tódalas condicións técnicas asociadas á expresión do valor límite de emisión, a situación dos puntos de medición e os parámetros auxiliares necesarios para obter medidas representativas, evitar interpretacións dúbidas dos datos, manexar resultados comparables e posibilitar a determinación das cantidades totais de contaminantes emitidos nun período dado.”*

**6.2.** Os datos de límites legais de emisión citados non se corresponden cos valores límites de emisión fixados pola normativa en vigor, segundo o artigo 7 da Lei 16/2002, de prevención e control integrados de la contaminación. Os valores expresados no proxecto teñen como referencia os valores de emisión para instalacións que utilizan fuel-oil, segundo indica o Anexo IV do Decreto 833/1975, no que non se describen valores límite, que si se detallan nos Anexos I, II, III, IV, V e VI do Real Decreto 1073/2002, de Avaliación e Xestión calidade do aire en relación ao SO<sub>2</sub>, NO<sub>2</sub>, NO<sub>x</sub>, partículas, Pb, benceno e CO. Na mesma lei obsérvase que os valores límite para SO<sub>2</sub> expresaránse en µg/m<sup>3</sup> para NO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub> (Anexo II) valores límite en µg/m<sup>3</sup>, e as medicións de CO en mg/m<sup>3</sup>.

Non obstante, e aínda aténdonos ás referencias manexadas no proxecto, a suma das emisións dos cinco focos exceden os niveis de emisión propostos no Decreto 833/1975, medida que hai que observar, xa que segundo regula o Real Decreto 508/2007, no Capítulo I do Anexo I, se un mesmo titular realiza diversas actividades da mesma categoría na mesma instalación, ou no mesmo lugar de emprazamento, sumaránse as capacidades de ditas actividades.

Para NO<sub>2</sub> e NO<sub>x</sub>, no Decreto 1073/2002 si se explicitan os límites de emisión e, polo tanto, hai que utilizar obrigatoriamente as referencias dese decreto, xa que no Decreto 833/1975 non hai referencias ás medidas de emisión destes parámetros.

**6.3.** Con relación ao resto de contaminantes, faltan os datos de emisións difusas, só se expresan os aplicabeis a formol. O Proxecto remítese a presentar unhas fichas coas características dos contaminantes, sen especificar as fontes nas instalacións de Forestal do Atlántico e os danos que poderían causar no contorno, tendo en conta as características propias do lugar no que se ubica.

**6.4.** Non se dan datos de emisións de partículas, sendo estas un dos contaminantes, regulados no Real Decreto 1073/2002, dos que se esixen medicións da contaminación.

**6.5.** A Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, dispón, no artigo 8, sobre Avaliación da calidade do aire:

*“As medicións da calidade do aire serán obrigatorias nos seguintes supostos:*

*(...) 3. Nas zonas nas que aínda non superándose os límites de inmisión si existe un risco potencial conforme os parámetros técnicos que se determinarán regulamentariamente.”* Tendo en conta o anterior, e coñecendo que se exceden os límites de emisión esixidos para os contaminantes regulados, faise necesario ubicar puntos de medición naqueles lugares proclives a recibir esta contaminación e que presenten unha alta densidade de poboación, como é o caso das inmediacións da planta. Remitímonos ao artigo 8.1., sobre avaliación da calidade do aire, da Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia, que establece que as medicións serán obrigatorias nas aglomeracións, No artigo 5.1. defínese aglomeración: *“Área cunha concentración de poboación de máis de 50.000 habitantes ou cando, sendo igual ou inferior a esta cifra, ten unha densidade de habitantes por quilómetro cadrado que xustifique a avaliación e o control da calidade do aire ambiente.”*

## **7. Alegacións con respecto ao dereito á información.**

**7.1.** Consultada a páxina web do PRTR-España, non aparece nela máis dato que as emisións de carbono orgánico ao mar, do ano 2004, contravindo o REAL DECRETO 1073/2002, de 18 de outubro, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co dióxido de xofre, dióxido de nitróxeno, óxidos de nitróxeno, partículas, chumbo, benceno e monóxido de carbono, que no artigo 11.2 establece:

*“Las Administraciones públicas pondrán periódicamente a disposición del público y de las organizaciones interesadas información actualizada sobre las concentraciones de dióxido de azufre, dióxido de nitrógeno y óxidos de nitrógeno, partículas, plomo, benceno y monóxido de carbono en el aire ambiente. Esta información deberá facilitarse a través de medios de difusión apropiados, como radio, televisión, prensa, pantallas de información o servicios de redes informáticas, teletexto, teléfono o fax.*

*5. La información al público indicará todos los casos en que las concentraciones superen los valores límite y los umbrales de alerta durante los períodos especificados en los anexos I a VI.*

*También incluirá una breve evaluación en relación con los valores límite y con los umbrales de alerta, así como información adecuada en relación con las repercusiones sobre la salud. (...)*

*7. La información disponible por el público y por las organizaciones en virtud de lo dispuesto en los anteriores apartados deberá ser clara, comprensible y accesible.”*

Ningunha destas obrigas se cumpre.

## **8. Alegacións en relación aos verquidos.**

**8.1.** Na autorización de verquido de líquidos, nas augas residuais dos procesos, inclúense as augas de refrixeración procedentes da empresa Reganosa, cando actualmente Forestal do Atlántico e Reganosa non verquen conxuntamente. Isto altera as medicións, que neste proxecto só inclúen os verquidos líquidos procedentes de Forestal do Atlántico.

**8.2.** Danse datos de catro puntos de mostraxe, cando é obrigado proporcionar cinco. Isto inflúe na suma total dos resultados.

**8.3.** É necesario coñecer os datos exactos de onde se realizan as mostraxes ás que se alude no informe para saber se están dentro da zona de marisqueo ou non, polos riscos que para a saúde humana supón a concentración e acumulación de contaminantes nos moluscos.

**8.4.** A modificación da autorización de verquido emitida por Augas de Galicia no ano 2003 non é suficiente. Neste momento Reganosa e Forestal verquían conxuntamente as augas residuais.

**8.5.** No relativo ao control de residuos e puntos de verquidos, canalízanse todas as conducións cara un único emisario.

Os puntos de mostraxe sinalados na fotografía do Proxecto non se aprecian.

Falta a descrición dos elementos técnicos do emisario, segundo obriga o Anexo da Orde Ministerial de 13 de xullo de 1993:

*“Art. 5. **Proyectos de vertidos a través de emisarios submarinos.***

*5.1. **Elementos técnicos del proyecto.**-El proyecto de vertido a través de un emisario submarino, además del cumplimiento de las obligaciones administrativas que sean exigibles, definirá los siguientes elementos técnicos: La longitud del emisario, las coordenadas del punto de vertido (longitud, latitud y profundidad), el número, tipo y disposición de los dispositivos difusores y los*

*mecanismos de transporte, dilución y autodepuración que definen su eficacia en función del impacto que tiene el vertido sobre el nivel de contaminación de la aguas costeras.*

*(...)La comprobación de la estabilidad mecánica y estructural de la obra, a través del análisis de las sollicitaciones y esfuerzos a que ésta quedará sometida por la acción del mar.*

*(...)Los métodos constructivos y la integración de la obra en su entorno, teniendo en cuenta las necesidades de mantenimiento y conservación del emisario y las interferencias que éste pueda introducir sobre los mecanismos de dinámica marina.”*

Na descrición das características do efluente non hai estimacións da carga contaminante e do caudal punta en tempo seco. Sendo un sistema colector de tipo unitario, segundo o Artigo 5.3.1. do Anexo da Orde anteriormente citada, débese indicar tamén o caudal punta en tempo de choiva. Non se mencionan as características do funcionamento do aliviadoiro. En todo caso, e segundo o Artigo 5.3.1.b) do Anexo da mesma Orde, o aliviadoiro só poderá entrar en funcionamento con caudais superiores ao caudal punta en tempo seco.

Non se informa das características do difusor, elemento fundamental do emisario coa fin de aumentar a dilución inicial. Segundo o Artigo 5.4.3.b) do Anexo da mesma Orde, para verquidos industriais, a adopción dos valores de dilución inicial deberán xustificarse cando sexan menores aos especificados para verquidos de augas residuais urbanas.

**8.6.** Segundo o Artigo 4.3. do Anexo da mesma Orde, todo verquido líquido de augas residuais deberá someterse a uns tratamentos mínimos antes da súa evacuación. No proxecto presentado faltan descricións pormenorizadas das instalacións necesarias para levar adiante estes obxectivos. A capacidade da piscina final de decantación, na que conflúen as augas de toda a instalación (124.915,2 m<sup>3</sup>/día) e máis das augas pluviais (274.580 m<sup>3</sup>/día) é só de 520 m<sup>3</sup>, é insuficiente para tratar o volume total de augas.

Con respecto das augas residuais procedentes da Instalación MARPOL, indícase unicamente a eliminación de hidrocarburos, da separaciónb de fracción acuosa e do envío á piscina de decantación final, cunha capacidade de 520 m<sup>3</sup> que contrasta co volume de augas residuais da planta MARPOL (4.800 m<sup>3</sup>/día).

**8.7.** Non se mencionan as análises realizadas no arranque da condución, tal e como está regulamentado na Orde antes citada, en relación coa determinación dos parámetros fixados: DBO,



BQO, sólidos sedimentables, pH, Nitróxeno, Fósforo, así como outros contaminantes que a administración competente esixa.

**8.8.** No seguemento da potencial afección sobre bancos marisqueiros próximos, afirmase que se efectuará un control de moluscos, inspeccionándose a presenza de hidrocarburos, análises de metais pesados, análises dos hidrocarburos derivados do petróleo e análises microbiolóxicas. As unidades nas que se establecen os límites de contaminantes non coinciden cos utilizados para os datos de efluentes.

**8.9.** Nas análises dos puntos de mostraxe da zona de baño non se teñen en conta todos os parámetros enumerados no Anexo IV do RD 734/1988. Non se presentan táboas separadas para os puntos de mostraxe das zonas de baño nin para as zonas de protección e mellora con límites de emisión propios, regulados no Anexo IV do RD 345/1993.

**8.10.** Non se presentan os datos obtidos nos puntos de mostraxe para o control de sedimentos, que segundo o Artigo 7.3.3., da Orde citada, deberá realizarse con carácter anual.

O mesmo ocorre coas mostraxes sobre sedimentos mariños en catro puntos de control cuxa ubicación non se determina, para analizar as posibles variacións das características naturais do sedimento na zona. Indícanse os parámetros utilizados (granulometría, contido en materia orgánica, potencial redox, NTK, zoobentos), pero non se mencionan os resultados, salvo para o último parámetro.

Algo semellante sucede co control de calidade das augas en catro puntos coincidentes cos dos sedimentos. Os parámetros estudados son o pH, a temperatura, a coloración, a materia en suspensión, a condutividade, os hidrocarburos derivados do petróleo e os coliformes fecais. Igual que no caso anterior, non se achegan conclusións.

**8.11.** Non hai previsto ningún protocolo a seguir en caso de fuga de calquera das substancias coas que se traballa na planta (formaldehído, amoníaco, urea, formol, melanina, fenol, etc) agás para hidrocarburos, sendo calquera destas substancias, probabelmente, máis tóxicas para o medio e a saúde das persoas.

**8.12.** Os últimos datos son do ano 2004, cando os datos deben actualizarse anualmente e ser accesíbeis ás distintas persoas e entidades interesadas. Non se cumpre coa obriga de presentar os datos anualmente na páxina web do Rexistro EPER.

**8.13.** A Declaración de Impacto Ambiental sobre o proxecto de ampliación da concesión marítimo-terrestre en Punta Promontorio expedida no ano 1998 estaba condicionada á redacción dun Programa de Seguimento e Control dos impactos e da eficacia das medidas correctoras, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Un estudo previo ao inicio das actuacións: inventario de verquidos, calidade das augas superficiais, calidade do sedimento de fondo, control de moluscos bivalvos.
- Idem. en tres momentos da fase de construción.
- Idem. anualmente.

Creemos necesario complementar a información incluída no Proxecto de Solicitud de Autorización Integrada cun resumo das conclusións destes estudos, e unha relación pormenorizada do estudo previo ao inicio das actuacións que serven de base para determinar as afeccións ao medio no momento actual.

## **9. Alegacións en relación cos residuos.**

**9.1.** A existencia de zonas de interese no contorno da planta de valorización de residuos, concretamente do banco marisqueiro da Barca, así como a cercanía do Lugar de Importancia Comunitaria “Costa Ártabra”, integrado na Rede Natura 2000, da Unión Europea, non fan en absoluto recomendábel a ubicación da planta en Punta Promontorio, tendo en conta as máis que seguras afeccións ao medio. O Artigo 12.1 da Lei 10/1998 establece unha serie de precaucións neste ámbito:

*“Las operaciones de gestión de residuos se llevarán a cabo sin poner en peligro la salud humana y sin utilizar procedimientos ni métodos que puedan perjudicar al medio ambiente y, en particular, sin crear riesgos para el agua, el aire o el suelo, ni para la fauna o flora, sin provocar incomodidades por el ruido o los olores y sin atender contra los paisajes y lugares de especial interés.”*

De seguirse unha observancia real da lexislación, sería imposíbel a implantación desta planta no lugar elixido. Isto só é posíbel cando se priorizan os intereses industriais, de carácter económico, sobre os relativos á saúde das persoas e máis á conservación do medio.

**9.2.** O argumento anterior é válido tamén para o resto da industria, tendo en conta o volume de emisións contaminantes en proporción directa co de materias primas utilizadas.

## **10. Alegacións con respecto á coxeración.**

**10.1.** Non se conta con autorización para incinerar residuos no proceso de coincineración. Partindo da definición de coincineración expresada no Artigo 3.5. do Real Decreto 653/2003: “(...)toda instalación fija o móvil cuya finalidade principal sea la generación de energía o la fabricación de productos materiales y que, o bien utilice residuos como combustible habitual o complementario, o bien los residuos reciban en ella tratamiento térmico para su eliminación.(...)”, a planta de coxeneración de Forestal do Atlántico tería que recibir a denominación de instalación de coincineración e, polo tanto, cumprir cos requisitos esixidos neste Real Decreto.

Con respecto aos verquidos, os valores límites de emisión serán aplicabeis no punto da instalación de coincineración por onde se vercan as augas, en aplicación do Artigo 11.3. do R.D. 653/2003. En ningún caso se terá en conta a dilución das augas residuais para o cumprimento dos valores límite sinalados no Artigo 11.2. do citado Real Decreto, requisito non observado no proxecto.

Os requisitos de medición establécense na autorización expedida pola autoridade competente, en cumprimento do Artigo 14.2. do mencionado Real Decreto.

**11.** En ningún momento se fai referencia á cercanía da Empresa REGANOSA, que supón un risco engadido en caso de accidente. No Plano de Emerxencia non se contempla esta circunstancia.

Por todo o exposto,

**SOLICITA:**

Que non se outorgue a Forestal do Atlántico S.A. a autorización ambiental integrada, debido a todas as eivas que o proxecto e máis o sistema de funcionamento das instalacións presentan. Esta asociación queda a expensas de recibir a información da resolución que o órgano competente outorgará en cumprimento do Artigo 23.2 da Lei 16/2002, de 1 de xullo, de Prevención e control integrados da contaminación.

Ferrol, a 3 de abril de 2008

Asdo.: Juan Ignacio Díaz da Silva  
Delegado da SGHN-Ferrol

**SR. DIRECTOR XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL**